
CURSO 2021 / 2022

Addenda á Programación didáctica

Departamento de Matemáticas

En cumprimento da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, modifícase a programación didáctica para o curso 2021-2022 naqueles aspectos que se ven afectados pola mencionada disposición legal.

O suprimirse a avaliación extraordinaria, os procedementos e as datas de avaliación previstos na programación sufrirán algunhas modificacións:

- A partir do día 6 de xuño terá lugar a sesión da 3ª avaliación, que se fará cos criterios e procedementos da avaliación previstos na programación.
- A cualificación final do curso calcularase obtendo a nota media entre as tres avaliacións, como se describe na programación. O alumnado que non obteña na nota media das tres avaliacións unha cualificación mínima de 5 puntos poderá realizar unha proba de recuperación, que terá lugar antes do día 23 de xuño.
- No período comprendido entre a 3ª avaliación e a proba de recuperación, levarnase a cabo actividades avaliábeis de recuperación, reforzo e ampliación, tal e como se determina na orde mencionada. Estas actividades terán distinta natureza e finalidade segundo as necesidades educativas de cada alumno ou alumna.

ALUMNADO CON NOTA MEDIA DAS TRES AVALIACIÓNS IGUAL OU SUPERIOR A 5

Para aqueles alumnos e alumnas que non precisen realizar a proba de recuperación as actividades que se levarán a cabo serán fundamentalmente de reforzo e de ampliación

dos contidos traballados ao longo do curso. Coa realización destas actividades o alumnado poderá subir a nota na avaliación final ata o máximo de 1 punto.

ALUMNADO CON NOTA MEDIA DAS TRES AVALIACIÓNS INFERIOR A 5

O alumnado con nota media das tres avaliacións inferior a 5 ou coa materia pendente do ano anterior deben de presentarse a proba de recuperación que se celebra antes do 23 de xuño. As actividades que realizan estes alumnos e alumnas serán para preparar esta proba.

Na materia de Economía de 4ºEso, coa realización destas actividades o alumnado poderá subir a nota desta proba de recuperación ata o máximo de 1 punto.

Xanceda, 23 de Maio de 2022

Asdo.

Sandra Moar Costoya

Xefa do Departamento de Matemáticas